

## ANUNCIO CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUNHA PERSOAS MONITORA DO OBRADOIRO PREPARA O TEU CAMIÑO.

**Posto:** Unha persoas monitoras para Obradoiro de Emprego “Prepara o teu camiño” no termos que se describen a continuación:

-1 persoa con funcións de monitora tempo completo durante 9 meses do certificado de profesionalidade **ISMV0209 Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos.**

### Primeira. Requisitos para acceso ao proceso selectivo.

#### 1. Requisitos xerais das persoas candidatas.

- Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a para o exercicio da función pública.
- Ter o nivel académico e a experiencia profesional exixidos no Real Decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.
- Estar en posesión da titulación e experiencia que se exige para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.
- **Acreditar a competencia docente** mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas nestas bases.
- Carnet de conducir B e dispoñibilidade para desprazarse.



Antes de ser proposta para a contratación, a persoa que acade maior puntuación debe ser validada polo persoal técnico da Consellería de Emprego e Igualdade, que verificará que cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio das funcións establecidas nas presentes bases, no caso de que non cumpra será proposta a seguinte persoa en orde de puntuación da listaxe de agarda.

## 2. Requisitos específicos de titulación e experiencia profesional.

- Monitor/a de Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos

### Perfil docente. Requisitos mínimos

#### -Titulación

- Título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou título de graduado correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Título de diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a, ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Técnico/a superior da familia profesional de imaxe e son.

#### - Experiencia laboral.

Experiencia profesional mínima de **12 meses** no eido das unidades de competencia da cualificación profesional de referencia no ámbito do certificado de profesionalidade

## 3. Actuacións e obxectivos xerais do traballo.

- Posta en valor e promoción do Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Ribadeo:
  - o Desenvolvemento dun produto audiovisual multimedia interactivo denominado “ Ribadeo alén do camiño”
  - o Deseño dunha aplicación para móbiles para distribución e comercialización do paquete de servizos e produtos para o peregrino denominado “ Ribadeo prepara o teu camiño”
  - o Desenvolvemento da aplicación web “ Ribadeo prepara o teu camiño” ( marketplace”
  - o Desenvolvemento dun programa de sinalética dixital con información para o peregrino.
  - o Deseño, planificación e desenvolvemento de diferentes produtos audiovisuais para promocionar a marca “ Ribadeo alén do Camiño”
  - o Deseño estratexia de marketing e comunicación dixital que reforce a marca “ Ribadeo alén do Camiño 2 para promocionar o Camiño Norte ao seu paso por Ribadeo.
  - o Desenvolvemento do programa “ Ribadeo prepara o teu camiño”



#### 4. Funcións do/s posto/s.

- Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.
- Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.
- Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.
- Colaborarán coa persoa directora na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.
- Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.
- Elaborarán nas datas e forma que a persoa coordinadora lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.
- Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.
- Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo e medidas relativas á COVID 19.
- Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.
- Colaborarán coa persoa coordinadora na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.
- Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.
- Elaborarán nas datas e forma que a persoa coordinadora lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.



## **Segunda.- Características dos contratos de traballo**

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas **terán carácter temporal, a tempo completo, e serán por un período de nove meses coa categoría profesional correspondente á titulación da persoa seleccionada (B ou A2)**

O traballo se desenvolverá no municipio de Ribadeo.

## **Terceira .- Procedemento de selección**

### **3.1 Exercicio de idioma galego**

Este exercicio **será eliminatorio** e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 10 minutos. Valorárase como apto ou non apto e será necesario para supéralo para obter o resultado de apto. Se o exercicio contén mais de 15 faltas considerarase como NON APTO .

**\*Quedarán exentas de celebrar este exercicio aquelas persoas aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior.**

### **3.2. Desenvolvemento dunha proba práctica**

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán no desenvolvemento dun proxecto didáctico.

Características do proxecto didáctico:

**O proxecto didáctico constará dun máximo de 10 folios a dobre cara, fonte Times New Roman 12.**

O proxecto didáctico basearase no certificado de profesionalidade ou programa formativo de referencia do posto de traballo e no desenvolvemento **dun módulo ou unidade formativa co seguinte contido:**

- Proposta de planificación didáctica do certificado de profesionalidade ou programa formativo da ocupación de referencia (segundo Anexo III da orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro polo que se desenvolver o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicacións) ou no seu defecto, do programa formativo da especialidade.



- Programación didáctica dun módulo formativo ou unidade formativa de referencia (segundo Anexo IV da nomeada Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, no que se farán constar:
  - o Obxectivos (Capacidades)
  - o Contidos (en relación coas capacidades)
  - o Estratexias metodolóxicas.
  - o Actividades de aprendizaxe
  - o Recursos necesarios.
- Avaliación formativa do módulo formativo ou unidade formativa do apartado anterior:
  - Instrumentos de avaliación teórica en relación cos criterios de avaliación
  - Instrumentos de avaliación práctica en relación cos criterios de avaliación.
  - Organización do traballo real asociado ao módulo formativo ou unidade formativa do apartado anterior.
  - Instrumentos de avaliación e Control de traballo real asociado ao módulo formativo ou unidade formativa de referencia do apartado anterior.
  - Relacións Humanas
  - Outros

### Desenvolvemento da proba

Con carácter xeral, o persoal aspirante preseleccionado será convocado o día e a hora correspondente, sendo excluídos das probas os que non comparezan, salvo nos casos debidamente xustificadas que serán apreciados e ponderados libremente polo órgano de selección.

Cada día, ao inicio da proba recolléranse todos os proxectos presentados, quedando unha copia no expediente para a súa custodia, a duración da proba será aproximadamente de 20 minutos, tendo a persoa candidata un máximo de 10 minutos de exposición do proxecto e o tribunal contará con un máximo de 10 minutos para preguntar sobre o contido do proxecto ou exposición realizada en relación co posto.

### Puntuación da proba práctica

**A valoración da proba será de 0 a 10 puntos**, sendo condición indispensable obter un mínimo de 5 puntos na puntuación final da proba técnica, no caso contrario a persoa candidata quedará excluída do proceso selectivo.

### **3.3.- Baremo de méritos para a fase de concurso**

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

**Titulación complementaria.** Valorárase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente e/ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.  
0,25 puntos.



**Experiencia profesional** como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego, ou en postos de traballo da especialidade obxecto de convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2,00 puntos.

**Experiencia profesional**, exceptuando a anterior, en postos de traballo relacionados co obxecto da convocatoria e coa categoría profesional esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos e ata un máximo de 1,00 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse nos tres puntos anteriores será de **2,00 puntos**

**O período mínimo de experiencia esixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.**

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos salarios, así como calquera outro medio que permita ter constancia de dita experiencia profesional (certificado de funcións etc..)
- No caso de persoas traballadoras autónomas: Mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

**Cursos realizados relacionados directamente coa materia e impartidos por Administracións Públicas ou entidades dependentes ou homologados polas AA.PP.**

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0.20 puntos
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0.30 puntos.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0.50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos dos mesmos e ter sido impartidos por entidade públicas ou entidades homologadas por ela. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

**A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,00 puntos.**

En caso de empate nas puntuacións finais aplicaranse as normas establecidas pola circular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción laboral que recolle as



instrucións en relación co procedemento de selección do persoal docente e de apoio así como do alumnado -traballador dos programas de emprego para persoas mozas:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h. O de maior idade

### Quinta- Admisión

**Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, remitirase a candidatura seleccionada á correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.**

A persoa seleccionada deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego, e declaración responsable de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, se o candidato/a proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propondrá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

### Sexta.- Oferta de emprego.-

#### **OFERTA 1: Monitor/a de Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos**

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Ribadeo e Barreiros. De non atoparse persoas candidatas ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 persoas candidatas por posto. Se despois diso aínda non se acadaran as 3 persoas candidatas poderase ampliar a sondaxe a nivel provincial e incluso autonómico.
- **Número de candidatos/as a remitir pola oficina de emprego:** 3 candidatos



- por posto
- **Número de postos:** 1
  - **Titulación/Ocupación:** Persoa monitora de desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos .
  - **Requisitos:** segundo bases

### **ORGANO DE SELECCIÓN PERSOA MONITORA DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS AUDIVOSIUAIIS MULTIMEDIA INTERACTIVOS.**

**Presidente:** Dona Verónica Fernández Pérez Suplente: Dona Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX de Ribadeo.

Suplente: D<sup>a</sup> María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal.

#### **Vogais:**

Titular: D<sup>a</sup> María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal.

Suplente: Dona Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX de Ribadeo.

Titular: D. Jaime Pérez Fernández, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo.

Suplente: D<sup>a</sup> María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal

Titular: Don José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Jaime Pérez Fernández, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo.

**Secretario con voz e sen voto:** D. JoséRodil Veiga, Técnico de Administracion Xeral do Concello, Secretario en funcións da Corporacion municipal de Ribadeo.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación Municipal.

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (segundo as esixencias destas bases)

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesadxs en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.

### **LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:**

**As solicitudes poderán presentarse tras a sondaxe da oficina de emprego ou directamente a través do rexistro do concello, a través da sede electrónica da**





entidade: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal), ese a documentación se presentase a través do rexistro doutra administración deberá comunicarse este extremo ao Concello por fax (982130975) correo electrónico ([secretaria@ribadeo.org](mailto:secretaria@ribadeo.org)) ou por escrito aos efectos de poder coñecer tal presentación.

As solicitudes presentadas no rexistro no Concello de Ribadeo poderán presentarse ata ás 14.00 horas ata o 25 de outubro de 2021

Ao día seguinte publicarse a resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

#### A selección terá lugar:

Para a persoa monitora de Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos ás 10,00 horas do día **28 de outubro** de 2021 na Casa do Concello.

#### PUBLICIDADE.-

As presentes bases e convocatoria publicaranse nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Ribadeo sede electrónica desta.

#### OUTRAS CUESTIONS.-

Os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

En Ribadeo , á data da sinatura dixital

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

